

PLAN ANUAL 2023

DA COOPERACIÓN GALEGA

**Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia,
Xustiza e Deportes**

(Este Plan recibiu o informe favorable do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento o 14 de febreiro de 2023 e foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 2 de marzo de 2023)

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. ÁMBITOS ESTRATÉXICOS DE ACTUACIÓN

3. PRIORIDADES XEOGRÁFICAS, TRANSVERSAIS E COLECTIVOS PRIORITARIOS

- 3.1 PRIORIDADES XEOGRÁFICAS E TRANSVERSAIS
- 3.2 COLECTIVOS PRIORITARIOS

4. CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS EN ANOS ANTERIORES

5. NOVAS ACTUACIÓNS PARA O ANO 2023

- 5.1 CONVOCATORIAS PÚBLICAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA
- 5.2 CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON ENTIDADES
- 5.3 PLAN ANUAL DE AVALIACIÓNS
- 5.4 ACTIVIDADES DIVULGATIVAS E FORMATIVAS
- 5.5 OUTRAS ACTUACIÓNS
- 5.6 COORDINACIÓN INSTITUCIONAL

6. ORZAMENTO 2023

1. INTRODUCCIÓN

O Plan anual 2023 da Cooperación Galega preséntase en cumprimento do mandato legal establecido no artigo 83.4 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que sinala que o órgano de dirección da Administración competente en materia de cooperación para o desenvolvemento elaborará un Proxecto de plan de acción anual, que se someterá á aprobación do Consello da Xunta de Galicia. Pola súa parte o artigo 87.2 da Lei establece que este Plan de acción anual será aprobado por proposta da conselleira ou conselleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento e logo do informe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

Neste Plan anual 2023, primeiro que abranguerá o V Plan director da Cooperación Galega, recóllense os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios que o Goberno galego pon a disposición da cooperación para o desenvolvemento para o ano 2023, de acordo coas orientacións establecidas no V Plan director. Nel se relacionan de maneira resumida **as actuacións que se van a financiar no marco do programa orzamentario 331A: Cooperación Exterior e ó Desenvolvemento** da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (en diante DXRREE e coa UE), sen prexuízo de que ao longo do ano outros departamentos da Xunta de Galicia poidan financiar ou desenvolver actuacións en materia de cooperación, cuxa cuantificación se realizará ao final do exercicio.

Para o ano 2023 a dotación total do programa 331A: Cooperación Exterior e ó Desenvolvemento elévase a **8.915.485 €**, é dicir, **1.080.599** máis que a do ano 2022, o que supón un incremento dun **13,8 %** sobre o orzamento total do programa respecto do ano 2022.

O orzamento aprobado permitiría iniciar **o V Plan Director da Cooperación Galega 2023-2026** cun incremento orzamentario indicativo do firme compromiso da Xunta de Galicia con esta política pública.

Tendo en conta os **compromisos de gasto adquiridos** en exercicios anteriores para actuacións que están en marcha (**3.921.824,15 €**) aos que hai que engadir os **gastos de persoal da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior (664.693 €)** o orzamento comprometido

ascende a un total de **4.586.517,15 €** o que supón unha **dotación dispoñible para novas actuacións** de **4.328.967,85 €**.

O orzamento aprobado para o 2023 permitirá que no Plan anual 2023 da Cooperación Galega se recollan **actuacións en todas as áreas** (cooperación para o desenvolvemento no exterior, acción humanitaria, educación para o desenvolvemento, investigación, etc.) e que se poidan **publicar todas as convocatorias** tradicionais da cooperación galega. Ademais, o orzamento permitirá **incrementar as dotacións de varias das convocatorias**.

2. ÁMBITOS ESTRATÉXICOS DE ACTUACIÓN

O Plan anual 2023 respectará os sete ámbitos estratéxicos seleccionados no V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026, a través dos cales se pretende salientar o valor diferencial e a especialización coherente da Cooperación Galega e dos axentes galegos de cooperación en diálogo e alianza cos seus socios de desenvolvemento. Complementados coas prioridades transversais definidas no artigo 85.4 da Lei 10/2021, estes ámbitos estratéxicos abranguen as cinco esferas da Axenda 2030: persoas, planeta, prosperidade, paz e partenariados/alianzas.

AE 1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.

AE 2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables cun enfoque de soberanía alimentaria, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.

AE 3. Impulsar a igualdade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidade, o apoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións.

AE 4. Promover a garantía e defensa dos dereitos humanos, a democracia e o fortalecemento da sociedade civil organizada.

AE 5. Loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade ambiental e a xustiza ambientais.

AE 6. Protexer e salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade, e

cunha perspectiva de redución de vulnerabilidades e fomento da resiliencia.

AE 7. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

3. PRIORIDADES XEOGRÁFICAS, TRANSVERSAIS E COLECTIVOS PRIORITARIOS

3.1. PRIORIDADES XEOGRÁFICAS E TRANSVERSAIS

O Plan 2023 respectará as prioridades xeográficas do V Plan director da cooperación galega (2023-2026), que recoñece como prioritarios os seguintes 11 países: *Cabo Verde, Guinea Bissau, Mozambique, Guatemala, Honduras, Nicaragua, O Salvador, Bolivia, Ecuador, Perú e República Dominicana*, e dará continuidade á atención específica aos *países menos adiantados (PMA)* ou *cun índice de desenvolvemento humano (IDH) baixo*. Ao tempo, se seguirá apoiando singularmente á *poboación saharauí e á poboación palestina*.

As intervencións financiadas no marco deste Plan respectarán igualmente as prioridades transversais establecidas no V Plan director: *a erradicación da pobreza multidimensional, a igualdade de xénero, a defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, o enfoque baseado en dereitos humanos, o respecto polas diversidades e a promoción da interculturalidade, a equidade e loita contra as desigualdades, a participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil*.

3.2. COLECTIVOS PRIORITARIOS

Para as actuacións no exterior no V Plan director se identifican os grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinación, exclusión ou discriminación que demandan unha atención preferente.

Estes colectivos prioritarios para a Cooperación Galega son:

- As nenas, adolescentes e mulleres e persoas LGTBIQ+, particularmente as que vivan en zonas empobrecidas e sen recursos e que poidan ser obxecto de múltiples discriminacións.
- A infancia, adolescencia e mocidade, especialmente a aquela en risco ou con diversidade funcional, en situación de explotación infantil ou exclusión en todas as súas dimensións.

- A poboación indíxena e/ou afrodescendente e minorías étnicas e, dentro delas, os grupos que poden ser obxecto de múltiples discriminacións.
- As persoas con diversidade funcional, as persoas maiores dependentes e as persoas doentes sen recursos, especialmente as que poden ser obxecto de múltiples discriminacións.
- As persoas defensoras dos dereitos humanos e a sociedade civil organizada en contextos de represión, persecución e regresión democrática e autoritarismo con restrición dos dereitos e as liberdades fundamentais.
- A poboación migrante, refuxiada, desprazada ou en situación de retorno ou reasentamento por razóns políticas, económicas, sociais ou medioambientais, cunha atención específica aos colectivos máis vulnerables e prioritarios deste Plan Director. Dentro deste grupo, a Cooperación Galega seguirá apoiando singularmente á poboación saharauí e á poboación palestina e aquelas outras afectadas por conflitos armados e crises esquecidas.
- As persoas e grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinación, exclusión ou discriminación que teñan sido máis afectadas pola pandemia da COVID-19 ou por emerxencias globais.

4. CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS EN ANOS ANTERIORES

Cos orzamentos de cooperación para o ano 2023 asegurase a cobertura financeira dos compromisos adquiridos con anterioridade, que no seu conxunto elévanse a **3.921.824,15 €**, que permitirán **dar continuidade** ás seguintes actuacións:

- **30** proxectos aprobados na **convocatoria do ano 2022 de proxectos no exterior dos axentes de cooperación**, por un total de **3.213.065,09 €** para 2023.
- **17** proxectos aprobados na **convocatoria do 2022 de proxectos de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global**, por un total de **360.000 €** para 2023.

- **6 bolsas de formación** de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento convocadas no ano 2022, cunha dotación orzamentaria de **72.400,00 €** ata a finalización do período de formación, no mes de setembro de 2023. A este orzamento hai que engadir **2.904,66 €** para a cobertura da **Seguridade Social** das persoas bolseiras.
- **Convenio** de colaboración con *Augas de Galicia e a Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia* para a execución do proxecto "**Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ, 3ª Fase)**". Este convenio bianual asinado no 2022 conta cunha dotación de **31.421,75 €** para o 2023, dos que 13.000,00 € proceden do programa 331A e 18.421,75 € de Augas de Galicia. Estes últimos xeraranse no programa de gasto 331A ao longo do exercicio 2023.
- **Convenio** de colaboración coa *Fundación CETMAR e a Fundación Ayuda en Acción* para a realización do proxecto "**Mellora dos medios de vida e a seguridade alimentaria da poboación mediante o fortalecemento das cadeas de valor da pesca e a acuicultura**" para os anos 2022 a 2024 que conta cunha dotación orzamentaria para o ano 2023 de **150.000 €**
- **Convenio** de colaboración coas ONGD *Solidariedade Internacional de Galicia, AGARESO e Asemblea de Cooperación pola Paz* para a execución do proxecto "**Activistas polo mundo que queremos 2022-2023**" no marco do *Plan Proxecta* da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades , cunha dotación para o 2023 de **40.000 €**.
- **Convenio** de colaboración coas *Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo* para a execución do proxecto de "**Consolidación do I Plan Estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento 2020-2030 e consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible**", cunha dotación para o 2023 de **60.000 €**.
- **Servizos de consultaría** e asistencia técnica para o **fortalecemento de capacidades** da Coordinadora Galega de ONGD e do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, **para a obtención de Fondos Europeos**, por valor de **10.454,40 €**.

5. NOVAS ACTUACIÓNS PARA O ANO 2023

Unha vez descontados os recursos para dar continuidade aos compromisos asumidos con anterioridade ao ano 2022, e os gastos de persoal da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, a **capacidade orzamentaria** para acometer **novas actuacións** no ano 2023 elévase a **4.328.967,85 €**.

As **actuacións previstas** para o ano **2023** detállanse nos seguintes apartados:

5.1 CONVOCATORIAS PÚBLICAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

✓ **Convocatorias bianuais de subvencións para proxectos de cooperación no exterior das ONGD e outros axentes de cooperación**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos no exterior das ONGD, universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos, comunidades galegas no exterior e outros axentes sociais que teñan a condición de axentes de cooperación.

A **dotación total de ambas convocatorias** será de **6.000.000 €** (2.400.000 € no 2023 e 3.600.000 € no 2024), o que representa un **incremento** dun **11,11%** respecto á dotación das convocatorias do ano 2022 (permitindo dar cobertura financeira a todos os proxectos que aproben).

A distribución da dotación de cada convocatoria será a seguinte:

- Para **ONGD: 5.300.000 €** (2.120.000 € no 2023 e 3.180.000 € no 2024).
- Para os **outros axentes: 700.000 €** (280.000 € no 2023 e 420.000 € no 2024).

A distribución dos créditos entre as dúas anualidades é a mesma á de anteriores convocatorias: 40 % para o 2023 e 60 % para o 2024.

✓ **Convocatoria plurianual de subvencións para proxectos de Educación para o Desenvolvemento (ED) e a Cidadanía Global promovidos polas ONGD.**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos de **Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global** por parte das Organizacións Non Governamentais de Desenvolvemento (**ONGD**), dentro das **catro dimensións** que forman parte da educación para o desenvolvemento:

- a) Sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza.
- b) Formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- c) Investigación sobre o desenvolvemento.
- d) Incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

A **dotación total** da convocatoria do ano 2023 será de **600.000 €** (240.000 € para o 2023 e 360.000 € para o 2024), a mesma que a do ano 2022.

✓ **Convocatoria de subvencións para proxectos de Acción Humanitaria**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, entendendo como tales aqueles destinados a salvar vidas, aliviar o sufrimento, protexer os dereitos fundamentais e manter a dignidade humana durante e despois das crises –provocadas por seres humanos ou por desastres naturais–, así como os destinados á prevención e reforzo da capacidade de resposta para cando se produzan estas situacións e as de protección de vítimas e defensa dos dereitos humanos.

A **convocatoria** terá carácter **anual** e a súa **dotación** será de **550.000 €**, o que representa un **incremento** dun **37,5%** na súa dotación respecto á do ano 2022.

✓ **Convocatoria de 6 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento**

Dende hai anos a Xunta de Galicia fai unha aposta clara para a profesionalización do sector da cooperación galega que redunde nunha mellora da calidade desta, a través do financiamento de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento, que permiten ás/aos beneficiarias/os completar a súa formación con estadías, tanto no terreo, nas como na sede da DXRREE e coa UE competente na materia.

Este investimento, dirixido á mellora das capacidades destas persoas, ten un retorno a medio e longo prazo para todo o sistema de cooperación e reforza as relacións entre a Xunta de Galicia e as outras institucións a través das que se articulan estas bolsas, o que leva a facer máis eficaz a cooperación.

Para o ano 2023 convocaranse 6 bolsas, de carácter plurianual, para garantir que as persoas beneficiarias gocen dun ano completo de formación; dúas das bolsas desenvolveranse na sede da DXRREE e coa UE en Santiago de Compostela e as catro restantes no exterior, nas oficinas técnicas de cooperación da AECID.

O **orçamento previsto** para as bolsas é de **104.600 €** (32.200 € para o 2023 e 72.400 € para o 2024). Esta cantidade é a mesma que a do orzamento da convocatoria do ano 2022.

A este orzamento hai que engadir **3.872,88 €** (968,22 € no 2023 e 2.904,66 € no 2024) para a cobertura da **Seguridade Social** das persoas bolseiras.

✓ **Convocatoria de subvencións para proxectos e creación de grupos de Investigación para o Desenvolvemento promovidos polas universidades e centros de investigación galegos**

O obxecto desta convocatoria específica de axudas para proxectos de investigación, dirixida aos grupos e centros de investigación das universidades galegas, é potenciar e impulsar esta dimensión de investigación da educación para o desenvolvemento. Desta convocatoria poderán beneficiarse tamén as ONGD e os outros axentes de cooperación, sempre que se presenten en agrupación coas universidades, que serán as que deberán liderar as propostas.

A **convocatoria** será **bianual**, cunha **dotación** total de **200.000 €** (100.000 € para o 2023 e 100.000 € para o 2024), o que representa un **incremento** do **33,33%** respecto das dos anos anteriores (esta convocatoria publícase cada dous anos).

5.2 CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON ENTIDADES

✓ **Convenios de colaboración no ámbito da Acción Humanitaria**

Ademais da convocatoria anual en concorrència competitiva sinalada anteriormente, prevese asinar os seguintes convenios para a execución de **actuacións humanitarias e de emerxencia**:

- Convenio de colaboración con **Farmamundi** para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia, que permitirá dar resposta rápida e eficaz ante emerxencias, mellorando así a axilidade e eficacia da resposta humanitaria galega, cunha dotación de **50.000 €**.
- Convenio de colaboración con **UNICEF** para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia cunha dotación de **50.000 €**.
- Convenio de colaboración coa **Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS)**, co obxectivo de mellorar as condicións de vida da poboación refuxiada saharauí, que terá unha dotación de **100.000 €**.
- Como en anos anteriores, e co fin de promover a presenza da Cooperación Galega na acción multilateral, estableceranse acordos de colaboración coas Axencias de Nacións Unidas, **ACNUR** e **UNRWA** (cos respectivos comités españois), cunha dotación de **50.000 € cada un deles o que representa un incremento dun 66,66% respecto dos do ano 2022**.
- Prevese ademais subscribir un **novo Acordo de prórroga do convenio asinado no 2018** entre a **Cooperación Descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID)** para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria. Este convenio deriva do Acordo Marco asinado no 2013 coa Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, ten carácter anual (prorrogable) e terá unha dotación para o ano 2022 de **100.000 €** por parte da Xunta de Galicia.

Ao longo do ano, e en función das dispoñibilidades financeiras, poderanse asinar outros convenios ou addendas aos convenios mencionados para dar resposta a situacións de emerxencia ou crises humanitarias.

✓ **Convenios de colaboración no ámbito da educación para o desenvolvemento, a sensibilización, a formación e o fortalecemento institucional.**

Prevese a sinatura dos seguintes convenios:

- **Convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD**

En cumprimento do obxectivo de contribuír ao fortalecemento do sector, asinarase un ano máis un convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD, como entidade que agrupa actualmente a 45 organizacións con presenza na nosa Comunidade Autónoma e que actúa como representación delas diante das institucións, na defensa do Código de Conduta e na formación, a sensibilización e a incidencia na busca da implicación da sociedade galega na superación da pobreza na que viven millóns de persoas no mundo. Con este convenio estase a contribuír ao incremento da coordinación entre os actores da cooperación galega.

O obxectivo do convenio será, por unha banda, fortalecer o tecido das ONGD galegas e a propia Coordinadora a través de diversas accións, como prestar servizos de información e apoio técnico e formación ás ONGD, asistencia a xuntanzas con institucións, organización de eventos, promoción de mesas de diálogo, etc. e, por outra banda, mellorar a promoción de actuacións en materia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

A **dotación financeira** prevista para este convenio en 2023 será de **100.000 €** a mesma que no exercicio 2022.

- **Convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**

Co mesmo obxectivo que o convenio coa Coordinadora Galega de ONGD, pero dirixido ao ámbito municipalista, no 2023 asinarase novamente un convenio co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade como entidade plural (na actualidade agrupa a 98 concellos e ás Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo e

Pontevedra), comprometida coa idea de cooperar en Galicia para ser máis eficaces na cooperación con terceiros países, impulsando un maior compromiso por parte das entidades locais coa cooperación para o desenvolvemento, nun marco máis estable e permanente.

O obxectivo do convenio será, tomando como referencia a Axenda 2030, sensibilizar, asesorar e apoiar ás entidades pertencentes ao Fondo e dar a coñecer o traballo que desenvolve no ámbito da cooperación municipalista e no cumprimento dos ODS ás entidades socias e á sociedade galega en xeral, así como reforzar a rede humana e organizativa do propio Fondo.

A **dotación** financeira para este convenio para o 2023 será de **60.000 €** a mesma que a do exercicio 2022.

- **Convenio de colaboración "Activistas por o mundo que queremos" no marco do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.**

O Plan Proxecta é unha iniciativa de innovación educativa da actual Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que busca a integración na planificación anual dos centros de programas postos en marcha por entidades alleas ao sistema educativo.

Dende que no ano 2013 a DXRREE e coa UE, en coordinación coa devandita Consellería e no marco do Plan Proxecta, impulsara un proxecto piloto titulado "Cooperación galega: O mundo que queremos", a través da formalización de convenios de colaboración con ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento, puxéronse en marcha xa 10 edicións de dito proxecto actualmente denominado "Activistas polo mundo que queremos 2023-2024".

Para o ano 2023 está previsto asinar un novo convenio coas mesmas entidades que no 2022, é dicir, Solidariedade Internacional de Galicia, AGARESO e Asemblea de Cooperación pola Paz, para poñer en marcha unha **nova edición, a 11ª** (2023-2024) do dito proxecto cunha **dotación** prevista de **70.000 €** (30.000 € para 2023 e 40.000 € para 2024).

✓ **Convenios de colaboración con entidades para actuacións de cooperación no exterior**

Apoiarase un ano mais o fortalecemento de capacidades técnicas na xestión dos recursos hídricos en Mozambique, a través do:

- **Convenio de colaboración con Augas de Galicia e a Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia para o proxecto "fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (Aqua-Moz Secara 4ª fase)"** cunha **dotación** total de **125.000,00 €**, dos que 50.000 serán aportados por esta Vicepresidencia (37.000,00 € no ano 2023 e 13.000,00 € no ano 2024) e os 75.000 € restantes aportaraos Augas de Galicia.

Ademais neste ano 2023 está previsto continuar coa **cooperación técnica** en materia de **pesca e acuicultura**, como se vén realizando en colaboración coa Fundación **CETMAR**, ao igual que no caso da **xestión de recursos hídricos**, en colaboración con **Augas de Galicia**, apostando por unha **orientación estratéxica** da Cooperación Galega, financiando proxectos que faciliten a transmisión de coñecementos e tecnoloxía aos países do Sur (Perú, Mozambique, Guinea Bissau, etc.).

Por outra banda, ao longo do ano, e en función das dispoñibilidades financeiras, poderanse explorar novas vías de colaboración a través dos correspondentes procesos de identificación en diferentes países e sectores, que se instrumentarían por medio da sinatura de convenios de colaboración con aquelas entidades que se consideren máis adecuadas.

5.3 PLAN ANUAL DE AVALIACIÓNS

Co obxecto de manter o grao de transparencia e de rendición de contas que caracteriza á cooperación galega, así como de seguir potenciando a cultura avaliadora e a aprendizaxe colectiva, e mellorar a comunicación de resultados obtidos por esta política pública, no ano 2022 elaborouse un Documento Marco de Avaliación da Cooperación Galega de xeito participado co sector.

A finalidade deste documento de referencia, foi a de organizar e orientar os diferentes tipos de avaliación, de cara a súa maior complementariedade e utilidade, facilitando a toma de decisións baseada en evidencias.

As avaliacións son necesarias por un dobre motivo:

- En primeiro lugar, son un elemento imprescindible para que a política de axuda teña progresivamente unha maior calidade e capacidade de impacto.
- En segundo lugar, porque a política de cooperación lévase a cabo con fondos públicos e é esixible, polo tanto, un exercicio de rendición de contas.

Incidindo nesta necesidade avaliadora, no ano 2023 comezarán a despregarse algúns dos diferentes tipos de avaliación neste Documento Marco recollidos:

- As **avaliacións *ex-ante*** dos proxectos que se presenten ao amparo das convocatorias.
- As **avaliacións finais dos proxectos financiados** no marco das convocatorias, que son xestionadas polos axentes executores.
- As **metaavaliacións**, con enfoque sectorial ou xeográfico.
- As **avaliacións *ex post***, complementarias da anterior
- As **avaliacións por liñas de acción**, en ámbitos como a acción humanitaria a educación para o desenvolvemento e a cooperación directa da Xunta.

5.4 ACTIVIDADES DIVULGATIVAS E FORMATIVAS

✓ **Publicación do Informe 2023 da Cooperación Galega**

Ao igual que nos últimos anos, no 2023 editarase en formato dixital o ***Informe 2023 da Cooperación Galega***, que será publicado na nosa páxina web co fin de dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que se leva a cabo dende Galicia.

✓ **Curso monográfico "A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas Administracións Públicas galegas" 4ª edición**

Dentro do Plan de formación da EGAP para o ano 2023 impartirase a cuarta edición do curso dirixido ao persoal das Administracións autonómica e local e ao persoal das tres universidades galegas, co fin de sensibilizar ás empregadas e empregados públicos e crear conciencia

sobre a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable, a cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria e dar a coñecer o V Plan director da cooperación galega (2023- 2026).

✓ Co fin de **garantir que o adecuado despregamento das novas modalidades de avaliación contidas no Documento Marco**, fortalecerase ao sector e ao equipo da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior a través da posta en marcha de **cursos de formación específicos en materia de avaliación**.

5.5 OUTRAS ACTUACIÓNS

Co fin de facilitar o acceso dos actores e axentes galegos de cooperación a fontes de financiamento internacional, principalmente da UE, a DXRREE e UE dará continuidade ao servizo de asistencia técnica especializada nese ámbito, da que se están a beneficiar a Coordinadora Galega de ONGD e o Fondo Galego, así como as organizacións e institucións que deles forman parte.

5.6 COORDINACIÓN INSTITUCIONAL

Ao longo do 2023 a DXRREE e coa UE seguirá participando activamente nas reunións daqueles órganos de coordinación institucional dos que forma parte.

A nivel de Galicia, participarase naqueles espazos que contribúan a unha mellor coordinación e cooperación entre os actores galegos de cooperación

Igualmente, continuarase a participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da Cooperación Española (Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento, Comisión de Seguimento do Convenio entre a Cooperación Descentralizada e a AECID para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, Encontros de CCAA e Cooperación, etc)

6. ORZAMENTO 2023

O Goberno galego renova o seu compromiso de solidariedade coas persoas e os países máis desfavorecidos **elevando o orzamento para o ano 2023 nun 13,79 %** respecto ao orzamento aprobado no 2022.

No seguinte cadro aparecen reflectidas as partidas orzamentarias

previstas para actuacións de cooperación para o desenvolvemento para o ano 2023 por capítulos de gasto do programa orzamentario 331A: *Cooperación Exterior e ó Desenvolvemento*. Ao longo do ano realizaranse aquelas transferencias entre as diferentes partidas que sexan necesarias para facilitar o financiamento das actuacións propostas neste plan.

Os gastos correntes e de funcionamento asociados á competencia de cooperación para o desenvolvemento (que serán financiados con cargo ao programa 111E da DXRRREE e coa UE) serán cuantificados ao final do exercicio.

Como nos anos anteriores, ao final do exercicio realizarase a cuantificación das achegas que ao longo do ano poidan realizar outros departamentos da Xunta de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de cooperación para o desenvolvemento.

ORZAMENTO 2023

PROGRAMA 331A: COOPERACIÓN EXTERIOR E Ó DESENVOLVEMENTO		
CAPÍTULO	CONCEPTO	CONTÍA (€)
Capítulo I	Gastos de persoal	664.693,00€
Capítulo IV	Transferencias correntes	6.145.584,00€
	Institucións sen fins de lucro	572.730 €
	Axudas ás Universidades galegas	115.007 €
	Actuacións de cooperación no exterior	5.149.322,00€
	Convenio CGONGD	100.000 €
	Convenio Fondo Galego	60.000 €
	Bolsas formación en cooperación	95.000 €
	SS bolsas formación en cooperación	3.525 €
	Convenio SOGAPS	50.000 €
Capítulo VI	Investimentos reais	70.000 €
Capítulo VII	Transferencias de capital	2.035.208 €
	Actuacións de cooperación no exterior	1.985.208€
	Convenio SOGAPS	50.000 €
TOTAL Programa 331A		8.915.485,00€